

Ramón Sánchez R.

Limiar

A animación sociocultural de nenos e adolescentes, concebímola como un movemento educativo, de carácter informal, que vertebra unha ampla gama de experiencias e actividades altamente enriquecedoras e formativas.

Falamos aquí da animación dos nenos e rapaces (comprendidos entre os 6 e 16 anos, aproximadamente) porque, tendo en conta que aínda hoxe segue a ser un ben moi escaso, e salvo nas cidades e poboacións de certa importancia, aínda que non en todas, son os nenos e adolescentes os menos favorecidos no disfrute destas actividades. Son, en moitos casos, os que menos contan, a pesar de que se diga a miúdo que eles son os homes de mañá e que hai que facer para eles un mundo mellor. Por iso mesmo, nós, cando se trata da animación sociocultural, situámoslos no primeiro plano, non por privilexio de nengún tipo, senón por dereito propio, como unha forma de aminorar as diferencias que están a padecer nun mundo profundamente desigual.

Esta animación tende a un desenrolo integral destas persoas, tratando de que vivan con agrado e en equilibrio entre a realidade presente e o futuro que queren construír.

Estes movementos de animación sociocultural non responden a unha sinxela moda que ultimamente está a coller pulo, senón que implica unha dimensión moito máis fonda, xa que se basea no dereito que os nenos e rapaces teñen a ser eles mesmos, a non ser adultos, a vivir no seu mundo, na súa paisaxe, entre as súas xentes; teñen dereito a xogar, divertirse, gozar e formarse tamén nas rúas e corredoiras, tanto das cidades como das vilas e aldeas, compaxinando a escola co tempo para “viver a súa vida” á súa maneira e ao seu ár, desde unha dimensión lúdica, cos outros nenos e compañeiros, segundo as súas preferencias, hábitos e costumes: “El niño de hoy, escolarizado cada vez a edades más tempranas, se ve obligado, muchas veces, a realizar trabajos que ni entiende ni le gustan. Junto a los desplazamientos de las grandes ciudades y la tiranía impuesta en algunos hogares por los medios de difusión de masas, el niño se ha visto privado, también, de su tiempo natural, un tiempo destinado a jugar y a aprender a través del juego” (1).

O disfrute desde tempo libre non ten porque interferir nen restar o tempo que debe ser adicado ás obrigas escolares e familiares, senón que é un tempo libre que de non ser convenientemente disfrutado, os nenos corren o risco de desaproveitalo, e polo tanto, de perder unha importante dimensión da vida, canto ao aspecto educativo como ao nivel lúdico.

Este tipo de actividades e accións serven, ademais, para potenciar os elementos culturais propios, de xeito que os nenos se vaian encontrando con eles mesmos, uníndose a outros compañeiros en tarefas colectivas, conservando costumes e actividades que teñen unha verdadeira dimensión humana, facendo que a televisión non lles reste importantes aspectos da vida, xa que, como é ben sabido, e, ao marxe dos valores que pode ter a televisión, un grande número de nenos e adultos organizan o seu horario de tempo libre en función dela.

Falamos, claro está, de actividades para o tempo libre. Preocúpanos o aproveitamento do tempo de ocio. Este tempo desocupado, diferente, aínda que complementario dos programas escolares, debe ser entendido como tempo liberador, un tempo que permita aos nenos e adolescentes exercer libremente os seus gostos e preferencias, ao marxe do traballo escolar. Comprende unha morea de actividades que poden ter lugar despois da xornada escolar, dentro ou fóra dos colexios, e incluso nos días festivos, fins de semana e mesmo nas vacacións. Facemos fincapé nas vacacións e días festivos, porque para moitos nenos este é un tempo morto que non saben cómo encher, ou mellor dito, que se ocupa dunha maneira bastante estrana para eles, isto é, ou se deixa que fagan o que queiran sen ton nen son, ou fan aquelas cousas que os máis grandes queren que gagan, sen ter en conta que os nenos non son adultos en miniatura, nen teñen porque facer unha serie de cousas que están ben para os grandes pero non para eles.

Tamén é certo que estas actividades non se poden concebir nen planificar como unha ampliación dos coñecimentos escolares nen como anticipacións do traballo académico en sentido estricto, senón como actividades de tempo libre, aínda que en realidade teñen un considerábel valor educativo e, polo tanto, son unha parte importante do ámbito educativo-formativo. Digamos que son actividades “extraescolares”: ...“desde principios de século, diversas organizacións e asociacións emprendieron lo que se ha dado en llamar “una educación en el tiempo libre” entre niños y jóvenes. Por supuesto su pretensión, más o menos acentuada según la circunstancia política favorecedora o no, no ha sido otra que la de retomar el espacio del tiempo libre como ocasión para ejercer una educación que, a través de la vivencia de las posibilidades ofrecidas por ese marco de tiempo, lo trascendiera, llegando a completar en mucho la tarea de otras instituciones como la familia o la escuela. Es curioso observar que aunque no sea hoy por hoy la pretensión final, el empleo del tiempo libre de esos niños y jóvenes es, mayoritariamente, distinto al habitual. Quiérase o no, hay un ocio cualitativamente distinto en mayor o menor grado. No hay todavía estudios experimentales sobre ese hecho, pero la experiencia de cuan-

tos pasaron por asociaciones como el escultismo lo atestigua suficientemente. ¿Por qué? Probablemente porque, aunque no fuera el horizonte final, a través de esa vivencia tomaron contacto con actividades, recursos, medios, establecieron nuevas relaciones con los demás.. en fin, se les ayudó a ver en el tiempo libre posibilidades inusuales, no favorecidas por la sociedad, y las vivieron, de tal modo que aunque no vivan hoy dentro de esas asociaciones siguen, sin embargo, pensando que el tiempo libre les puede ofrecer más que lo que la realidad mayoritaria muestra" (2).

Desde esta perspectiva, entendemos a animación sociocultural como un medio que serve para que nenos e rapaces se desenrolen tal como son, coa súa individualidade propia, exercendo a súa liberdade de elección, de iniciativa e de acción, desenvolvendo as súas aptitudes e predisposicións dentro do campo de acción das posibilidades de que dispoñen. Deste xeito, veranse insertos nunhas circunstancias óptimas para o cultivo da creatividade e da capacidade crítica e inventiva, ao mesmo tempo que se poden relacionar con outros rapaces e nenos que non son os habituais da súa aula ou colexio; todo isto, favorece, sen dúbida, as súas relacións sociais, de convivencia democrática, de diálogo etc., entre os participantes nas diversas actividades. Esta participación activa tamén axudará a superar o individualismo e o egoísmo a que, de algún xeito, están costumados na vida escolar, baseada esta sobre o pear da competitividade, explícita ou implícitamente. Por outra banda, estas experiencias levarán a que os nenos teñan ocasión de levar á práctica unha serie de teorías e de coñecementos teóricos que, sen dúbida lles son inculcados ao longo do seu proceso de aprendizaxe escolar, e gracias a isto, iranse dando conta de que a verdade é algo que é preciso ir buscando a cotío, con aproximacións, rectificacións, contraste de pareceres e unha grande dose de altruísmo, fraternidade e humanismo.

Por qué os mestres.

Ao falar de mestres, queremos dicir que debe de existir en cada Colexio ou conxunto de colexios dunha demarcación territorial, un equipo de mestres con dedicación "a tempo completo" ás actividades de animación sociocultural. Estes mestres non teñen porque ser os mesmos que imparten clases habitualmente, porque xa teñen a súa tarefa laboral e docente claramente sistematizada e asignada, e por iso, non sería xusto que seguisen traballando despois de remataren a súa xornada docente que, ao meu modo de ver, é excesivamente longa, canto á docencia activa, aínda que non no referente á xornada laboral. Así pois, tendo en conta, por unha banda, a carencia de actividades extraescolares ou de animación sociocultural de que dispón a maioría dos nenos e rapaces e, por outra banda, a grande abundancia de mestres que non teñen traballo e que a nosa sociedade non pode permitirse o luxo de ter parados, despois de ter invertido na súa formación tanto tempo, tanto esforzo e tantos medios, sería un grande acerto e unha rentábel inversión que en todos os colexios, da mesma maneira que existe un grupo de apoio para tarefas escolares,

tamén debería haber un equipo de mestres coa función de animadores socioculturais que se encargaran da planificación e realización práctica das actividades propriamente extraescolares. Con isto, evidentemente, non pretendemos excluír destas tarefas a ningún mestre nen a ninguén, ao contrario, dentro destes equipos de animación sociocultural, teñen cabida todas as persoas que queiran participar, sempre e cando reúnan as condicións necesarias para tal menester.

Tampouco queremos insinuar que a animación sociocultural sexa un mecanismo de escape para a carencia de emprego, dando traballo a unha serie de mestres que se ven forzados a non traballar, senón que a concebimos como unha profesión máis, no mellor sentido da palabra, e que para exercela é necesario asumila libremente e ter unha formación adecuada, competencia técnica, seriedade e rigor, para que o seu traballo sexa rentábel, tanto a nivel persoal como social.

Polo tanto, tendo en conta que os mestres, debido á súa preparación específica, competencia, coñecimento do neno etc., son persoas moi adecuadas para a animación infantil e xuvenil, isto é, para aquelas actividades que teñen un trasfondo netamente educativo, aínda que informal. Dicimos informal porque, evidentemente, o mestre con esta función non poderá adoptar as actividades e funcións dun mestre institucional-formal, xa que, a súa actividade non é típicamente “maxistral”, senón que procurará non influir nen orientar o funcionamento nen a evolución da acción como se estivese nunha aula cos seus alumnos.

Os mestres poden comprender mellor o ambiente infantil dentro do que se sitúan, captar mellor os seus problemas, preocupacións, necesidades e aspiracións; a súa formación permítelles estar ao tanto da dinámica social, incluídos os procesos socioculturais; teñen coñecimentos de antropoloxía, socioloxía, psicoloxía, pedagogía, didácticas xerais e específicas etc.

Antes de seguir con estas cuestións, é necesario dicir que tampouco vale para esta función calquer mestre ou persoa; isto é obvio, posto que non poderá ser animador un mestre que non esté convencido de que serve para tal cometido e, ademais, debe de crer na animación sociocultural, tanto no que respecta a si mesmo como no referente aos nenos, que son o suxeito activo da animación. O mestre debe ser unha persoa convencida, activa e dinamizadora en dito proceso. Necesitará unha grande dose de xenerosidade, de sacrificio e de compromiso social, porque non hai que esquecer a importancia, a capacidade transformadora e, até certo punto, a labor de cambio social que a animación sociocultural pode levar consigo.

Este mestre non pode ser un estrano para os nenos, senón unha persoa comprometida e integrada dentro das circunstancias vitais e culturais dos mesmos; debe coñecer amplamente as características da comunidade na que traballa, eis que sexa tan importante a permanencia destes mestres nos seus lugares de traballo.

Deben respetar escrupulosamente o nivel e o ritmo dos nenos e rapaces, sen forzalos pero dinamizándoos; deben desenrolar ou axudar a desenrolar as súas potencialidades, imaxinación, capacidade creadora e fomentar neles un sentido lúdico da vida: “La diversión libera del aburrimiento y ofrece unos cauces de ruptura con el mundo cotidiano, lleno de normas y privaciones. Su efecto compensador se produce en el encuentro con una vida diferente a la de cada día, encuentro que, generalmente, va unido a un cambio de lugar y de ritmo. La diversión tiene además un campo de acción muy amplio, que va desde lo real a lo imaginario, pasando a veces por el mundo de las proyecciones de la persona” (3).

Esta actividade dos mestres, debe ser un servizo público con carácter oficial, de xeito que a formación dos nenos sexa unha tarefa permanente, sen rupturas, sen interrupcións e que faga que a escola e a sociedade se den a man, se complementen e non estén divorciadas como sucede a maior parte das veces.

O feito de que estes mestres leven a cabo esta función de animación sociocultural dunha forma “profesional” e, polo tanto, dependendo das estruturas educativas oficiais, non debe ser un impedimento para compaxinar dunha maneira armónica e equilibrada, as súas relacións e dependencia diante do “poder” establecido, coa súa entrega e dispoñibilidade ás comunidades nas que traballan, tendo en conta os seus intereses, necesidades e preferencias. Por iso mesmo, o mestre animador non poderá ser nen un burócrata nen un paternalista, nen un tecnócrata, senón unha persoa normal, coas súas debilidades e as súas grandezas, o que non é óbice para que sexa unha persoa cualificada e canto máis preparada, mellor.

O mestre animador sociocultural é, sen dúbida, un “educador”, pero diferente. E diferente porque falamos dun tipo de educación que, tal como deixamos dito, non se circunscribe ás catro paredes da escola, senón que nace da vida, na rúa, no campo, nos diferentes lugares de residencia, nunha palabra, alí onde hai nenos. E, nun sentido moi amplo, un ensino “para a vida por medio da vida”, á marxe, aínda que en complementariedade coa educación “formal”.

A súa función principal é “promover”, “impulsar” e “dinamizar” actividades culturais infantís e xuvenís e, ademais, un superador da inercia e apatía que no seu grupo poda haber, cando se leven a cabo tales actividades. Isto non debe implicar unha intromisión nas funcións dos animadores socioculturais como tales, senón máis ben un desenrolo institucional da animación sociocultural nos centros públicos, como elemento fundamental da animación cultural nos diversos ámbitos docentes do noso país, da que tan necesitados estamos. Así pois, cando falamos do mestre como animador cultural, estémonos referindo á “animación difusa” isto é, aquela que levan a cabo persoas non profesionais, ou mellor dito, sen capacitación profesional específica, aínda que estén suficientemente preparadas para tales menesteres, neste caso concreto, para animar aos nenos e adolescentes; “La animación difusa es la que tienen (o

deben tener, pues ahora apenas existe) a su cargo todas las personas que desempeñan una labor profesional que no es la animación, pero que guarda con sus finalidades una relación evidente”(4).

Seguindo coas características destes mestres animadores e, tal como xa dixemos antes, non se poden esquecer as modalidades e peculiaridades dos diferentes ambientes nos que se moven os nenos. Evidentemente, hai importantes diferencias entre o mundo rural e o medio urbano; entre as diferentes clases sociais e mesmo entre os barrios dunha mesma cidade. Por iso precisamente, estes mestres teñen que ter, até certo punto, unha serie de condicións pouco frecuentes para conseguir que as relacións e a dinámica entre os nenos e rapaces sexan armioniosas e enriquecedoras nos diferentes aspectos da convivencia, na colaboración e espírito de xenerosidade entre eles. Neste sentido, o animador terá que ser, de algún xeito, un líder. Maillo, cando menciona as características do animador como líder, di:“... capacidad para estimular, dinamizar y potenciar la acción del grupo, actuando en él como agente catalizador que facilita y fomenta las interrelaciones de sus miembros, crea un clima de cooperación entusiasta, lima las asperezas y evita o resuelve los conflictos que surgen en el grupo y lo conduce, por la vía de la compenetración mutua, a la realización de sus objetivos y al cumplimiento de sus fines”(5).

O mestre, nesta función de animación, deberá ter un conxunto de cualidades persoais se quere que a súa actuación teña unha eficacia mínima. Tales cualidades poderían ser: certa simpatía, disponibilidad, benevolencia, tolerancia, capacidade de encaixe e comprensión, aceptación, humildade e entrega, bon humor, facilidade para a comunicación e sintonización cos demais, sentido de servizo, capacidade de iniciativa, impulso e estimulación do dinamismo grupal. Todo isto é oposto á “autoridade” en sentido estrito e á obediencia, pois os membros do grupo colaboran e participan, pero non “obedecen”.

Debe ser un bon organizador das actividades a realizar, de tal xeito que a participación do grupo sexa o máis enriquecedora posíbel e que non haxa nenos frustrados, ben pola súa maneira de ser, ben pola súa pouca ou escasa participación nas actividades.

O animador, debe iniciar e motivar á participación e á acción, do contrario, non hai animación sociocultural: “El animador es por definición aquel que incita a la acción, que transmite vida, esto es, que motiva y que mueve a la participación dinámica en las actividades culturales, mediante la actividad personal y la acción colectiva”(6).

Esta incitación e motivación non teñen nada que ver co “dirixismo” que coarta a liberdade dos nenos, nen coa manipulación tan abundante nas nosas sociedades cando se trata de planificar o tempo libre. O ambiente de liberdade e independencia, de espontaneidade, orixinalidade e visión persoal, son un compoñente esencial de toda actividade sociocultural. Así pois, o mestre ani-

mador debe despertar o interés dos nenos, motivar etc. sen que teña que prescindir dunha serie de funcións que, sen ser impositivas, teñan, non obstante, unha dimensión introdutoria, facilitadora, informadora, indicadora, cooperativa etc. das diferentes actividades e comportamentos que se irán dando ao longo da animación sociocultural.

Deberá estar a disposición do seu grupo para aclarar ou encauzar a acción, cando o grupo así llo manifeste, pero respetando moito as regras do xogo para que as actividades se desenrolen nas mellores condicións, velando sempre polo correcto desenvolvemento das actividades. Isto non é tan doado como a primeira vista parece, posto que en todo grupo sempre existen, en maior ou menor grado, unha serie de impedimentos e obstáculos individuais e socio-afectivos; ademais, sempre poden darse entre os nenos e rapaces do grupo situacións de temor, inhibicións e comportamentos non moi sociais nen cooperativos. Por iso mesmo, o mestre non poderá perder de vista os diferentes avatares polos que transcurre a animación sociocultural.

Este tipo de mestre tampouco poderá “examinar” aos nenos, aínda que si pode e debe ser un hábil e experto observador dos feitos, obras, comportamentos e actitudes dos participantes, para que as actividades se desenrolen convenientemente.

Debe, tamén, estar sempre disposto para facilitar todo tipo de recursos pedagóxico-didácticos, métodos e técnicas de traballo que sexan precisos e estén ao seu alcance para que o grupo funcione satisfactoriamente, sen que isto sexa un obstáculo nen unha interferencia nas responsabilidades dos membros do grupo nen nas decisións democráticamente asumidas polos nenos. A función do animador non debe pecar por exceso nen por defecto: “En primer lugar, el animador debe ser discreto en sus actuaciones para no interferir negativamente en la vida del grupo, pero sin llegar a dejarlo falto de ayuda. Como en tantas cosas es preciso llegar a un equilibrio que vendrá determinado por la madurez del grupo. Si el animador interviene mucho, provocará la inhibición de las intervenciones y la interacción entre los miembros y, por el contrario, si interviene demasiado poco puede dejar al grupo falto de apoyo, ya que sus intervenciones, oportunas y bien realizadas, favorecen la vida equilibrada del grupo”(7).

Actividades.

Non pretendemos agora facer unha enumeración das diferentes actividades que se poden levar a cabo na animación sociocultural, nen tampouco dar unha relación de lugares nos que tales actos se poden levar á práctica.(8). Non obstante, queremos facer unha cantas precisións ao respecto.

As diferentes actividades da animación sociocultural infantil e xuvenil, polo seu mesmo carácter, non poden levarse a cabo seguindo un horario fixo e predeterminado, como se se tratase dunha clase, nen tampouco, na maioría das ocasións, facerse nun local determinado. E posíbel que o centro escolar

sexa o lugar central de referencia e de actuación en varias ou nalgunha das actividades, aínda que o seu ámbito de realización pode ser moito máis amplo, como a localidade, a natureza etc. Consideramos que o centro escolar pode ser o lugar central de actuación, coas diferentes dependencias e servizos, por razóns obvias, dado que na maioría dos casos, os nenos e tamén os adultos, non dispoñen de lugares adecuados para esta animación, nas súas diferentes formas e programas. Ademais, se temos en conta que a maioría dos colexios e centros educativos, sendo de propiedade pública, fican pechados a partir da media tarde, convértense en lugares e locais privilexiados para estas actividades, co cal, poden ter un uso polivalente e prestar unha grande axuda para a comunidade na que están ubicados.

Estas actividades, aínda que teñen unha finalidade ou obxectivos que cumprir, non obstante, non deben estar moi concretizados, debido a que durante a realización das mesmas, esta finalidade poderá ir modificándose de acordo coa dinámica, os intereses e a creatividade do grupo; xustamente por iso, estas actividades de animación sociocultural, non teñen, en sentido estrito, que ser avaliadas como unha actividade educativo-formal, para ver se foi conseguido o que ao principio fora proposto; isto é así porque, dado que se trata de actividades moi flexibeis, creativas e eminentemente lúdicas, é posíbel e positivo que o funcionamento do grupo vaia cambiando progresiva e espontáneamente ao longo da súa realización e, por isto, non se podan considerar como tales o que noutras circunstancias se poderían enumerar como fallos, erros e deficiencias, tanto no que se refire aos exercicios en si mesmos como nos comportamentos dos membros participantes, tanto individual como grupalmente.

NOTAS

- (1).- Manuel Cuenca: *Educación para el ocio. Actividades Escolares*, Cincel, Madrid, 1983, p. 8.
- (2).- Francisc Pedró: *Ocio y tiempo libre ¿Para qué?*, Humanitas, Barcelona, 1984, pp. 117-118.
- (3).- Manuel Cuenca, Op. Cit. p. 17.
- (4) Adolfo Maillo: *Un método de cambio social. La animación socio-cultural*, Marsiega, Madrid, 1979, pp. 38.
- (5) -----, Op. Cit. p. 56
- (6) Ezequiel Ander-Egg: *Metodología y práctica de la animación socio-cultural*. Marsiega, Madrid, p. 102.
- (7) Sagrario Ramírez: *Dinámica de grupo y animación sociocultural*, Marsiega, Madrid, 1983, p. 134.
- (8) Ramón Sánchez: "Dimensión educativa da animación sociocultural", *ADAXE* (Revista de Estudos e experiencias Educativas), I (1984), p. 64.